

**RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL**

<b>EXPEDIENTE</b>	2024055250 (Nº ref. 2020022852/28)
<b>ASUNTO</b>	Adxudicación do contrato baseado (28) do lote 3 do Acordo marco para a redacción de proxectos de Infraestruturas da obra "Mellora da mobilidade peonil na EP-5201 Arbo-Cabeiras-Barcela, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+200 (Concello de Arbo)".
<b>TRÁMITE</b>	Adxudicación

PMC/Tmpn

**A Deputada delegada de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, dita a seguinte RESOLUCIÓN:**

Resultando.- Que a Xunta de Goberno, na sesión ordinaria celebrada o día 29 de decembro de 2020, adxudicou o acordo marco que regula a prestación do "Servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais na rede de estradas provincias de Pontevedra". As empresas adxudicatarias e os prezos ofertados (sen IVE) en función do tipo de proxecto foron os seguintes:

Nº Lote	Empresa adxudicataria	Porcentaxe de baixa sobre o prezo unitario máximo por proxecto
1	Proyestegal SL	19,50 %
2	Ingenieria del Noroeste SL	21,92 %
3	Estudio Técnico Gallego	20,50 %

Resultando.- Que os prezos unitarios máximos por proxecto establécense en función do tipo de proxecto, o cal se determina en función do presuposto de execución material da obra (P.E.M.) de acordo ao seguinte detalle:

Tipo de proxecto	P.E.M. estimado (impuestos incluídos)	Prezo unitario máximo por proxecto (sen iva)	IVE (21%)	Prezo unitario máximo por proxecto (IVE incluído)
Tipo I	PEM ata 200.000,00€	10.743,80 €	2.256,20 €	13.000,00 €
<b>Tipo II</b>	<b>PEM ata 400.000,00€</b>	<b>14.049,59 €</b>	<b>2.950,414 €</b>	<b>17.000,00€</b>
Tipo III	PEM ata 600.000,00€	17.355,37 €	3.644,63 €	21.000,00€
Tipo IV	PEM ata 1.000.000,00€	24.793,39 €	5.206,61 €	30.000,00€
Tipo V	PEM ata 2.000.000,00€	37.190,08 €	7.809,92 €	45.000,00€

Resultando.- Que no acordo marco quedarán perfectamente definidas todas as condicións, características e prezos coa formalización do mesmo e non se procederá a unha segunda fase competitiva pero si á adxudicación dos correspondentes contratos derivados en función das necesidades de redacción proxectos que xurdan no servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.



Resultando.- Que o prazo de duración do acordo marco, común aos tres lotes, estableceuse nun ano dende a súa formalización, con data 28/01/2021, dispoñéndose a posibilidade de tres prórrogas dun ano de duración cada unha delas.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 22/12/2023, acordou a aprobación da terceira prórroga de un ano do acordo que regula a contratación do "Servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías provinciais na rede de estradas provinciais de Pontevedra", por un período de un ano desde o 28/01/2024 ao 27/01/2025.

Resultando.- Que mediante providencia de inicio do expediente de contratación da Deputada Delegada do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, e das persoas responsables do centro xestor de data 22/08/2024 infórmase que, atendendo as necesidades actuais do Servizo de Infraestruturas e Vías provinciais, solicítase a adxudicación do seguinte contrato derivado para a redacción do seguinte proxecto:

Nº contrato baseado	Tipo de proxecto	P.E.M. estimado	Denominación do proxecto	Lote	Empresa adxudicataria
202405250 (Ref. 2020022852/28)	II	235.000,00 €	Mellora da mobilidade peonil na E.P. 5201 Arbo-Cabeiras-Barcela, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+200	3. Zona Sur	Estudio Técnico Gallego, S.A.

Resultando.- Que vista o documento RC emitido pola Intervención, con numero de operación 202400189632, polo que se certifica que na aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.02 existe saldo de crédito dispoñible quedando retido o importe de 13.515,00 € e considerando, así mesmo, o informe emitido pola intervención con data 03/09/2024 polo que se informa favorablemente o expediente.

Considerando.- Que nas instrucións para a tramitación dos expedientes de contratación da Deputación de Pontevedra, aprobadas mediante RP 2023001138 de data 10/02/2023, sinálase que a tramitación dun contrato baseado nun acordo marco iniciárase cun informe proposta do servizo xestor, co visto e prace do Deputado Delegado correspondente, determinando a necesidade concreta e o importe.

Asemade, engade que este informe-proposta remitirase a Intervención para que informe da existencia de crédito. Posteriormente, adxudicárase polo órgano contratación correspondente en función das bases de execución do orzamento.

Considerando.- Que resulta de aplicación o contemplado no artigo 221 LCSP, relativo á adxudicación de contratos baseados nun acordo marco e o disposto no artigo 36.3 LCSP en relación á perfección dos contratos.

Considerando.- A disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de 2017, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, que atribúe á Presidencia as competencias como órgano de contratación deste contrato; a Resolución Presidencial número 2024005761, de 10 de xullo de 2024, que delega a favor da Sra. Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación todas as atribucións da Presidencia en materia de contratación



que non estean delegadas no Pleno ou na Xunta de Goberno; o artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e as bases de execución do vixente orzamento, **RESOLVO**

1º.- **Adxudicar o contrato baseado (28)** no Acordo Marco que regula a prestación do Servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais na rede de estradas provinciais de Pontevedra correspondente ao proxecto "**Mellora da mobilidade peonil na EP-5201 Arbo-Cabeiras-Barcela, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+200 (Concello de Arbo)**" a empresa **Estudio Técnico Gallego, S.A.** polo prezo de adxudicación que a continuación se detalla:

Nº Expte contrato baseado	Porcentaxe baixa	Prezo de adxudicación (sen IVE)	IVE	Prezo de adxudicación (IVE incluído)
2024055250 (Ref 2020022852/28)	20,50 %	11.169,42 €	2.345,58 €	13.515,00 €

O prazo de execución deste contrato engloba as seguintes fases:

**Fase 1:** Comprende a entrega do anteproxecto, coa documentación mínima para a xestión dos terreos en caso de ser necesarios e das solicitudes de autorización pertinentes.

A duración desta fase será a seguinte:

Proxectos Tipo I: 2 meses

**Proxectos Tipo II e III: 3 meses**

Proxectos Tipo IV e V: 4 meses

Este prazo computarase desde a notificación da adxudicación do contrato derivado.

**Fase 2:** Entrega do proxecto de construción definitivo: 1 mes en tódolos casos, computándose dende a orde de redacción do responsable do contrato. O prazo máximo de espera entre as dúas fases non poderá superar os 6 meses

A empresa presentará ao inicio de cada fase, nun prazo inferior a 5 días, un programa de traballos que será aprobado polo responsable do contrato, Francisco Alonso Fernández, así como as súas sucesivas actualizacións.

**Financiación:** aplicación orzamentaria 2024/456.4530.612.02.

2º.- **Requirir** á empresa Estudio Técnico Gallego, S.A. para que nun prazo **máximo de dez días hábiles** achegue a documentación acreditativa de constituír a **garantía definitiva** procedente, por importe do 5% de prezo de adxudicación do correspondente contrato baseado de conformidade co previsto na cláusula 12 do prego de cláusulas económico-administrativas de acordo co seguinte detalle:

Nº Contrato baseado	Empresa	Importe garantía definitiva
2024055250 (Ref 2020022852/28)	Estudio Técnico Gallego, S.A.	558,47 €

A garantía poderá constituírse mediante transferencia bancaria ao número de conta ES17 2080 5401 5731 1010 6612 co concepto "Fianza Contratación Nº expte 2024055250 (Nº ref. 2020022852/28)".



O incumprimento da constitución da garantía definitiva no prazo sinalado dará lugar a resolución do contrato baseado.

Firmado por: MARÍA ISABEL COUSELO TORRES - \*\*\*2556\*\*  
Cargo: Deputada delegada  
Data: 05/09/2024 20:05

Firmado por: PABLO MONTERO CARRERA - \*\*\*2658\*\*  
Cargo: Xefe do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio  
Data: 04/09/2024 12:28

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - \*\*\*0694\*\*  
Cargo: Secretario  
Data: 06/09/2024 09:46  
Número Resolución RP2024007071

*Contra esta Resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Presidencia, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao desta notificación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ben, directamente recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso sen prexuízo do cal poida utilizar calquera outro recurso que considere conveniente.*

